

LIÑAS PARALELAS

UN CICLO DE SESIÓNS MONOGRÁFICAS DE RELATO BREVE E MÚSICA, NOVA PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN NOS CENTROS SOCIO-CULTURAIS DURANTE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2016.

"O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz."

RAFAEL DIESTE

LIÑAS PARALELAS propón un espazo de encontro arredor do universo do **relato breve** coa celebración de sesións públicas de lectura e interpretación de contos.

Trátase de deseñar eventos creativos únicos que combinen a promoción da lectura literaria e a apreciación artística máis alá da letra impresa, centrados na combinación da palabra falada e a **música** interpretada ao vivo por diferentes artistas convidados.

Liñas Paralelas, un ciclo de oito sesións temáticas, é unha singradura polos mares do relato literario. Cada sesión convoca, a partir dun tema determinado, un variado mostrario da narrativa mundial que explora as posibilidades expresivas deste xénero literario.

As sesións de **LIÑAS PARALELAS** consisten nunha escolma monográfica de relatos cuidadosamente seleccionados, moitos deles traducidos ao galego por vez primeira. A escolla transcende xéneros, épocas e estilos, opera por afinidade ou por contraste, e pretende dar unha mostra ampla das diferentes maneiras de contar

O ciclo

Con vocación de estabilidade, as sesións celebraranse semanalmente os **venres** na sala Agustín Magán, do Centro Sociocultural de **Santa Marta**, con dúas saídas puntuais, en **sábado**, ao CSC de **Conxo**.

Abertas a todo tipo de público e coa intención de que todo o mundo poida atopar un relato á súa medida, as sesións están deseñadas e conducidas por **Pepe Sendón**, que cada día contará coa colaboración individual dos músicos: **Suso Alonso, Alfonso Calvo, Marcos Teira, Nenoescuro e Narf**.



LIÑAS PARALELAS
SESIÓNS DE RELATO BREVE E MÚSICA
NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

con PEPE SENDÓN e a música de SUSO ALONSO · ALFONSO CALVO · NENOESCURO · MARCOS TEIRA · NARF

CALENDARIO:

RELATOS IMPOSIBLES	OUT.7	CSC SANTA MARTA	20:00
CRIMES IMPERFECTOS	OUT.14	CSC SANTA MARTA	20:00
TERAPIAS DE PARELLA	OUT.21	CSC SANTA MARTA	20:00
SUCESOS ATROCES	OUT.28	CSC SANTA MARTA	20:00
ASUNTOS DE DEFUNTOS	OUT.29	CSC CONXO	20:30
CRÓNICAS DE SIRIA	NOV.11	CSC SANTA MARTA	20:00
CONTOS MACABROS	NOV.19	CSC CONXO	20:30
INSTINTOS ANIMAIS	NOV.25	CSC SANTA MARTA	20:00

Deputación DA CORUÑA
CONCELLARÍA DE ACCIÓN CULTURAL · REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS
CONCELLO DE SANTIAGO

As sesións

Para abrir o ciclo, **Relatos imposibles** consistirá nunha exploración das posibilidades formais do xénero, adentrándonos nalgunhas tipoloxías e técnicas do relato fantástico, con exemplos de Dieste, Calvino, Cortázar, Ballard, Murado e outros.

Crimes imperfectos é unha escolma arredor do tema do "cazador cazado," o choque entre a planificación intelectual dun crime e o resultado real. Escuras intencións e intrigas noir en relatos de Lovecraft, Poe, Uxía Casal, García Márquez, etc.

En **Terapias de parella**, a selección está centrada nas múltiples experiencias da vida "en amor e compañía". Encontros e desencontros, memorias e esquecementos con exemplos de Chekhov, Colette, Foster Wallace, Gordimer ou Fernández Paz.

Sucesos atroces é unha sesión pouco recomendada para ánimos delicados. A crueldade do ser humano e certa fascinación pola súa natureza brutal é o tema tratado por escritores como Paul Bowles, Kureishi, Queipo, Coma-Thompson ou Alice Walker.

Asuntos de Defuntos, é unha sesión programada en data acaída, con relatos que xiran arredor dun cadáver e unha caixa; unha debilidade galega (Dieste, Fole, Neira Vilas) irlandesa (Crofton Croker, Brendan Behan) entre outros exemplos de contos fúnebres.

Crónicas de Siria reúne unha escolma da rica narrativa dun país que está nas nosas mentes por razóns ben máis tristes. Quizais oíndo a voz dos seus escritores consigamos derrubar as nosas fronteiras mentais. Ghaliya Qabbani, Zakaria Tamir, Haydar Haydar e outros.

Contos macabros inténrase nun dos territorios favoritos do relato breve: o terror, que visitaremos en busca de arrepío, e tamén dunha pinga de humor, con Maupassant, W. W. Jacobs, Leonora Carrington, Ramón Caride ou Ed Wood, entre outros clásicos.

E para rematar, a escolma **Instintos animais** detense nunha variada serie de fábulas de todo-los tempos para ilustración da natureza humana, con contos de Primo Levi, Kafka, Cunqueiro, Brecht e máis.